

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 4 de maio de 2012 pola que se resolve a convocatoria de axudas para a realización de actividades de formación de adultos durante o ano 2012.*

Por Orde do 16 de decembro de 2011 (DOG do 26 de decembro) foron convocadas axudas para a realización de actividades de formación de adultos durante o ano 2012, organizadas por corporacións locais e institucións privadas sen ánimo de lucro e legalmente constituídas radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Vistas as propostas do Consello Asesor previsto no punto sexto da citada orde e as propostas de resolución do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en uso das facultades que me outorga o artigo quinto da orde antes mencionada,

#### RESOLVO:

Primeiro. Conceder, con cargo aos conceptos orzamentarios 1505.422H.460.0 e 1505.422H.481.0 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa as axudas que se relacionan no anexo I.

Segundo. Desestimar as alegacións presentadas polos concellos de Vimianzo, Meis, O Saviñao, Laxe (actividades I e II) e Santa Comba (actividades 1 e 2) polos motivos que se expoñen no anexo II.

Aceptar a renuncia do Concello de Moeche e da entidade sen ánimo de lucro Asociación Cultural A Barca de Loimil, á subvención de 3.500,00 € proposta para cada un deles.

Terceiro. Denegar ou excluír, polas causas que se indican, as solicitudes que se relacionan no anexo II.

Cuarto. De conformidade co punto décimo da Orde de 16 de decembro de 2011, as axudas irán destinadas a sufragar, exclusivamente, os gastos do persoal docente.

As axudas serán pagadas unha vez finalizada a actividade e no momento da súa completa xustificación; tendo en conta que deberá xustificarse a contía íntegra orzada como gastos docentes aínda que sexa superior á contía solicitada e/ou concedida.

Quinto. Na difusión das actividades subvencionadas mediante esta orde, nas convocatorias públicas, publicidade e propaganda destas, así como nos lugares en que se realicen as referidas accións, deberá figurar que están financiadas ou cofinanciadas pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e aparecerá o seu anagrama. Ademais, quedará constancia explícita dese cofinanciamento nos documentos, folletos, certificados e publicacións que se elaboren con motivo da realización da actividade formativa.

Sexto. Contra esta resolución poderán os interesados interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2012.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I  
**Corporacións locais. Concepto orzamentario 15.05.422H.460.0**

Provincia da Coruña.

Concello	Axuda (€)	Observacións
Camariñas	6.000,00 €	Actividade 1
Camariñas	6.000,00 €	Actividade 2
Arzúa	6.000,00 €	Actividade 2
Arzúa	6.000,00 €	Actividade 1
Muxía	6.000,00 €	Actividade 1
Teo	6.000,00 €	
Muxía	6.000,00 €	Actividade 2
Bergondo	4.500,00 €	Actividade 1
Oroso	4.500,00 €	
Porto do Son	4.500,00 €	
Carnota	4.500,00 €	
Bergondo	4.500,00 €	Actividade 2
Padrón	4.500,00 €	

Concello	Axuda (€)	Observacións
Lousame	4.500,00 €	Actividade 2
Miño	4.500,00 €	
Lousame	3.500,00 €	Actividade 1
Arteixo	3.500,00 €	
Cerceda	3.500,00 €	
Ames	3.500,00 €	
Boqueixón	3.500,00 €	
Trazo	3.500,00 €	
Rois	3.500,00 €	
Mazaricos	3.500,00 €	
Total A Coruña	106.000,00 €	

## Provincia de Lugo.

Concello	Axuda (€)	Observacións
O Vicedo	3.500,00 €	
Paradela	3.500,00 €	
Total Lugo	7.000,00 €	

## Provincia de Ourense.

Concello	Axuda (€)	Observacións
Xinzo de Limia	6.000,00 €	
O Carballiño	4.500,00 €	Actividade 1
Piñor	4.500,00 €	
Maside	3.500,00 €	
Verín	3.500,00 €	
O Pereiro de Aguiar	3.500,00 €	
Total Ourense	25.500,00 €	

## Provincia de Pontevedra.

Concello	Axuda (€)	Observacións
Valga	6.000,00 €	Actividade 2
Cambados	3.773,52 €	
O. A. Terra de Sanxenxo	6.000,00 €	Actividade 1
O. A. Terra de Sanxenxo	6.000,00 €	Actividade 2
A Illa de Arousa	6.000,00 €	
Pontecesures	6.000,00 €	
Cuntis	6.000,00 €	Actividade 2
Valga	6.000,00 €	Actividade 1
Cuntis	4.500,00 €	Actividade 1
Tomíño	4.058,88 €	

Concello	Axuda (€)	Observacións
Vila de Cruces	3.500,00 €	
Total Pontevedra	57.832,40 €	

Total concellos: 196.332,40 €.

#### Entidades sen ánimo de lucro. Concepto orzamentario 15.05.422H.481.0

Entidade	Axuda (€)	Observacións
R. R. de M. <sup>a</sup> Inmaculada	4.500,00 €	Actividade 1
Cogami	4.500,00 €	Actividade de Ferrol
Fundación Érguete-Integración	4.500,00 €	
R. R. de M. <sup>a</sup> Inmaculada	4.500,00 €	Actividade 2
Aso. Cultural Os Tres Reinos	4.500,00 €	
Aexpa	4.500,00 €	
Cogami	4.500,00 €	Actividade de Mos
Total asociacións	31.500,00 €	

#### ANEXO II

#### Entidades locais con resolución denegatoria por incumprimento das bases da convocatoria

Concello	Observacións
A Laracha	Art. 4.2 da orde. Non designaron docentes.
Negreira	Art. 4. Decreto 193/2011. Non renderon as contas antes do 27 de xaneiro.
Carral	Art. 1. A actividade non vai durar 6 meses. Art. 4.2 Non designaron docentes.
Laxe. Actividade 1	Art. 4. Decreto 193/2011. Non renderon as contas antes do 27 de xaneiro.
Laxe. Actividade 2	Art. 4. Decreto 193/2011. Non renderon as contas antes do 27 de xaneiro.
Santa Comba. Actividade 1	Art. 4. Decreto 193/2011. Non renderon as contas antes do 27 de xaneiro.
Santa Comba. Actividade 2	Art. 4. Decreto 193/2011. Non renderon as contas antes do 27 de xaneiro.
Guitiriz	Art. 4. Decreto 193/2011. Non renderon as contas antes do 27 de xaneiro.
O Saviñao	Art. 1. A Actividade non vai durar 6 meses.
Porqueira	Art. 1. A Actividade non vai durar 240 horas (serán 140).
Coles	Renunciou.
O Carballiño. Actividade 2	Renunciou.
O Porriño	Art. 4.2 da orde. Non designaron docentes.
A Guarda	Art. 4.2 da orde. A 26.1.2012 non seleccionara docentes.
Ponteareas	Preámbulo e art. 2 da orde. Hai alumnos (17) que non son inmigrantes.
Cangas	Art. 4. Decreto 193/2011. Non renderon as contas antes do 27 de xaneiro. Art. 4.2 da orde, non teñen docente nin alumnado.
Mos	Art. 4.2 da orde. Non teñen seleccionado nin alumnado nin docente.
Oia	Art. 4. Decreto 193/2011. Non renderon as contas antes do 27 de xaneiro.
Cotobade	Solicitud presentada fóra de prazo (25.2.2012).
Moeche	Presentou a renuncia á subvención concedida o 11.4.2012.

**Entidades locais ás cales non se pode conceder a subvención por non acadar a puntuación mínima (base 7.<sup>a</sup> da convocatoria)**

Entidade local	Puntuación
Rianxo	35
Boiro. Actividade 1	27,5
Boiro. Actividade 2	27
Vimianzo	29
Vilasantar	13
Palas de Rei	24
Oímbra	40
Celanova	36
Meis	34
Vilagarcía de Arousa	25

**Entidades sen ánimo de lucro con resolución denegatoria por incumprimento das bases da convocatoria**

Entidades sen ánimo de lucro	Motivo da proposta denegatoria
Asociación Rexurdir. Actividade 1	Art. 1 da orde, a actividade non dura 6 meses.
Asociación Rexurdir. Actividade 2	Renunciou.
Ecodesarrollo Gaia	Renunciou.
Fundación Amigos de Galicia	Un dos alumnos non é inmigrante. 14 non cumpren a condición de carecer de titulación básica. Artigos 1 e 2 da orde.
Asociación Sociocultural Abraio	A súa solicitude entrou fóra de prazo. Non poden solicitar pola aplicación do artigo 4.2 <i>in fine</i> da orde de convocatoria.
Asociación Empresarial de Valdeorras	Boa parte do alumnado non é inmigrante. A maioría deles non carece de titulación básica. O proxecto, en principio, non duraba 6 meses. Nun escrito posterior anticipan a data de comezo pero declaran que a selección do alumnado a farán en marzo.
Asociación ALAR Galicia	Renunciou.
Asociación LIMISI	Non deron resposta a un requirimento e presentaron a renuncia.
Equus Zebra	Non poden solicitar pola aplicación do artigo 4.2 <i>in fine</i> da orde de convocatoria.
Asociación Cultural A Barca de Loimil	Presentaron a renuncia á subvención que lle fora concedida.
Asociación do Baixo Miño Vontade	En xuntanza do 30.3.2012 o Consello Asesor acordou proponden a súa denegación por incumprimento do artigo 1 da orde: a actividade non dura 6 meses.

**Entidades sen ánimo de lucro ás cales no se pode conceder unha subvención por non acadar a puntuación mínima (base 7.<sup>a</sup> da convocatoria)**

Entidade	Puntuación
Asociación vecinal A Ferveda de Carballo	23
Asociación de Formación e Cultural de Profesionais da Formación	23
Centro Sociocultural de Valadares	20

**Motivos da desestimación das alegacións presentadas**

Concello	Motivo da desestimación da alegación
Concello de Vimianzo	Respecto da primeira alegación, confírmase a puntuación outorgada polo Consello Asesor. As outras dúas alegacións non teñen carácter xurídico e, por tanto, non poden ser valoradas.
Concello de Meis	Confírmase a puntuación do Consello Asesor polo que se refire á primeira alegación e, ademais, o seu contido é contraditorio. A segunda e a terceira alegacións non teñen carácter xurídico e, en consecuencia, non se valoran.
Concello de O Saviñao	A alegación dun erro involuntario na data de finalización do curso non pode admitirse neste momento procedemental.
Concello de Laxe	(Actividades 1 e 2). A documentación presente no expediente e o certificado que remite a modo de alegación demostran que este concello no cumpriu a obriga de ter presentadas as contas rendidas ante o Consello de Contas con anterioridade ao 27.1.2012. Por outra parte, o seu escrito de alegacións foi presentado fóra de prazo.
Concello de Santa Comba	(Actividades 1 e 2). A alegación de que non puideron presentar as contas rendidas por motivos informáticos non se sostén. De ser certo, sería o concello quen debería actuar coa máxima dilixencia para resolver esas deficiencias.